



CONCELLO DE LALÍN
www.lalin.gal

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE LALÍN E A ASOCIACIÓN DE PAIS DE DIMINUÍDOS PSÍQUICOS DE DEZA (ASPADEZA) PARA LEVAR A CABO ACTUACIÓNS CONXUNTAS EN MATERIA DE ATENCIÓN A PERSOAS CON DISCAPACIDADE PSÍQUICA NO CONCELLO DE LALÍN. EXERCICIO 2026.

Lalín, a 11 de setembro de 2026

REUNIDO/A

Dunha parte, D. José Crespo Iglesias, Alcalde do Concello de Lalín, designado na sesión do Pleno da Corporación do 17 de xuño de 2023 na súa condición de alcalde de acordo co artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, en representación do Concello de Lalín.

E doutra D^a. María Taboada García con DNI ***2709**, en calidade de Presidenta da Asociación de Pais de Diminuídos Psíquicos de Deza (ASPADEZA) con CIF G36369494 e domicilio en Lugar Mouriscade, s/n – Vilanova-Lalín (Pontevedra), elixida pola Asamblea Xeral celebrada o día nove de outubro de 2010 e segundo as competencias que ten atribuídas de acordo co disposto no artigo 27 dos seus Estatutos.

EXPOÑEN

PRIMEIRO.-

A Constitución Española no seu artigo 49 establece que os poderes públicos impulsarán as políticas que garantan a plena autonomía persoal e a inclusión social das persoas con discapacidade, en contornas universalmente accesibles. Así mesmo, fomentarán a participación das súas organizacións, nos termos que a lei estableza. Atenderanse particularmente as necesidades específicas das mulleres e os menores con discapacidade

Así mesmo, o artigo 4.2 do Estatuto de autonomía de Galicia atribúelles aos poderes públicos de Galicia a promoción das condicións necesarias para que a liberdade e a igualdade dos individuos e dos grupos nos que se integran sexan reais e efectivas, removendo os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude.

SEGUNDO.-

A Convención das Nacións Unidas sobre os dereitos das persoas con discapacidade, do 13 de decembro de 2006, ratificada polo Estado español,

Concello de Lalín

Praza de Galicia, 1, Lalín. 36500 Pontevedra. Tfno. 986787060. Fax: 986780638

establece o compromiso de promover, protexer e asegurar o pleno gozo dos dereitos humanos e liberdades fundamentais en condicións de igualdade por parte das persoas con discapacidade e de promover o respecto á súa dignidade inherente.

TERCEIRO.-

O marco competencial municipal, fundaméntase no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, que tras a entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, queda redactado como segue: *“1.- O municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos en este artigo.*

2.- O municipio exercerá en todo caso competencias propias no termos da lexislación do Estado e das Comunidades, nas seguintes materias ; e) avaliación e información de situacións de necesidade social e atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social....”

Á súa vez o artigo 27 da LRBRL, segundo a redacción dada pola citada Lei, establece a posibilidade de que a Administración do Estado e as Comunidades Autónomas, poidan delegar entre outras a seguinte competencia: *“c) Prestación de servizos sociais, promoción da igualdade de oportunidades e a prevención de violencia contra a muller.”*

A Disposición Adicional Cuarta da Lei 5/2014, do 24 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, establece que *“as competencias que debe asumir a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de servizos sociais en cumprimento das disposicións da Lei 27/2013 continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela”*.

CUARTO.-

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, no seu artigo 3, establece como un dos obxectivos do Sistema galego de servizos sociais o de garantir a vida independente e a autonomía das persoas en situación de dependencia.

QUINTO.-

De acordo co artigo 3.3.b) da Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, este convenio non se entende como exercicio de unha nova competencia posto que supón a continuidade de actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores .

SEXTO.-

ASPADEZA, acolle na súa asociación e no seu centro ocupacional a persoas con discapacidade psíquica, realizando unha importante labor social co obxectivo da integración do citado colectivo na sociedade, perseguindo na medida do posible, a realización de actividades e tarefas acordes coa natureza do centro. ASPADEZA atende diariamente a 37 persoas e presta servizos a 58 familias. 30 prazas están concertadas coa Consellería de Política Social e 7 son de carácter privado.

SÉTIMO.-

O Concello de Lalín ten competencias para subscribir convenio coa entidade ASPADEZA en virtude do artigo 47.2.c) da Lei 40/2015, do 1 de outubro do Réxime Xurídico do Sector Público.

OITAVO.-

O Concello de Lalín pode determinar as bases e criterios da política de integración social e laboral das persoas con discapacidade, promovendo a participación de todos os axentes sociais nas actuacións que se van realizar con dito colectivo.

Para a consecución destes obxectivos, o Concello de Lalín, buscará liñas de cooperación coas distintas entidades sociais que teñen entre as súas funcións estes mesmos fins e desenvolverá os programas necesarios para a execución dunha axeitada política de integración das persoas con discapacidade. No mesmo senso o Concello de Lalín, a través da Concellería de Política Social, procurará a coordinación efectiva cos distintos sistemas de benestar e protección social que actúen no noso territorio, así como coas entidades de iniciativa social autorizadas que poidan complementar a nosa actuación.

Enténdese que queda debidamente acreditado o interese ou finalidade pública da axuda que, en virtude deste Convenio, aporta o Concello de Lalín ao abeiro das Bases 32 a 35 de Execución do Orzamento do Concello de Lalín para o ano 2026.

Así e atendendo ao interese do obxecto do presente convenio, no Orzamento do Concello de Lalín para o exercicio 2026, dotouse a aplicación orzamentaria 0.231.489.11 cunha subvención nominativa para a Asociación de Pais de Diminuídos Psíquicos de Deza (ASPADEZA) e que consta incorporada no Plan Estratéxico de Subvencións (liña 3) de esta entidade aprobado pola Xunta de Goberno Local de 27 de febreiro de 2026. De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de datos nacional de subvencións.

Polo exposto en puntos anteriores, e no exercicio das competencias que lles son propias, ambas partes expresan o seu interese en establecer o presente convenio que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO.

O presente Convenio ten por obxecto regular a colaboración do Concello de Lalín con Aspadeza a efectos de contribuír ao desenvolvemento do programa de atención a persoas con discapacidade, que a entidade desenvolve, coa finalidade de facilitar a integración social deste colectivo.

SEGUNDA.- NORMATIVA.

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- Lei 6/2022, de 31 de marzo, de modificación do Texto Refundido da Lei Xeral de persoas con discapacidade e a súa inclusión social, aprobado por Real Decreto Lexislativo 1/2013, de 29 de novembro, para establecer e regular a accesibilidade cognitiva e as súas condicións de esixencia e aplicación.
- Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que regulan os servizos sociais comunitarios básicos e o seu financiamento.
- Real Decreto Lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido de Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e

da súa inclusión social.

- Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o regulamento e polo que se regulan as obrigas de facturación.
- Plan Estratéxico de Subvencións (liña 3) de esta entidade aprobado pola Xunta de Goberno Local de 27 de febreiro de 2026.
- Bases 32 a 35 de Execución do Orzamento do Concello de Lalín para o ano 2026.

TERCEIRA.- CONTIDO DO PROGRAMA E ACTUACIÓNS A DESENVOLVER.

Este convenio servirá para desenvolver un programa de actuacións coas persoas con discapacidade que Aspadeza atende no seu centro ocupacional e que consistirán en:

1. Mantemento das instalacións do centro na parte proporcional que se corresponde coas sete prazas non concertadas coa consellería.
2. Colaboración na limpeza de oitenta e unha xardineiras municipais situadas nas rúas Ponte, Principal, Xoaquín Loriga, Colón, Praza da Igrexa, Praza do Concello, Praza Calvo Sotelo, Avda. Luis González Taboada, Avda. Xosé Cuiña e Rúa Ramón Aller, para aquelas persoas usuarias da Asociación que teñan dentro da súa programación de actividades externas tal actuación por considerala axeitada para a súa integración social.
3. Colaboración puntuais na sinalización de rutas de sendeirismo municipais, que formen parte da programación de actividades externas que a asociación ten previstas para cada persoa usuaria, previa comunicación o Concello que deberá prestar o seu conforme en función das programación da actividade.
4. Colaboración na colocación de carteis de actividades do Concello de Lalín.
5. Servizo de lavandería como consecuencia do uso das vivendas de emerxencia social do Concello de Lalín.

Estas actuacións teñen como finalidade promover a integración do colectivo obxecto de intervención, realizando actividades externas para a súa integración social en ámbitos fora do centro formativo, configurándose como programas prácticos do centro ocupacional, que contará coa supervisión directa dun/ha monitor/a do propio centro, así como do apoio dun/ha traballador/a social de ASPADEZA.

CUARTA.- OBRIGAS DE ASPADEZA.

- Cumprimento do/s programa/s que se describen na cláusula anterior.
- Facilitar a actuación do persoal técnico do Concello no referente ao seguimento das actividades obxecto da axuda.
- Facer constar en todo tipo de publicidade e información que se realice en desenvolvemento deste programa, a participación e colaboración co

Concello de Lalín.

- Cumprir o Regulamento U.E. 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación de estes datos, e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
- Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral do Concello de Lalín e/ou pola Concellería de Política Social, polo Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas obxecto do presente convenio.

QUINTA.- OBRIGAS DO CONCELLO DE LALÍN.

- Colaboración do persoal técnico do Concello con Aspadeza nas actividades: rutas de sendeirismo municipais e colocación de carteis.
- Entrega da cantidade á que fai referencia a cláusula sétima previa xustificación e presentación de documentación por parte da entidade Aspadeza.

SEXTA.- NATUREZA.

Este Convenio ten unha natureza puramente de colaboración e integración social, entendendo que as cantidades ás que o Concello de Lalín se compromete con ASPADEZA, son para cubrir gastos esenciais das actuacións a desenvolver no marco deste convenio, polo que non se pode referir a este Convenio ningunha natureza laboral, mercantil, civil ou de calquera outra clase xurídica.

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, ou de calquera outra natureza, entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as acción que constitúen o obxecto deste convenio co Concello de Lalín, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir ao Concello responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria.

Polo que ASPADEZA obrígase a ter suficientemente cuberto, coas pólizas e seguros que foran precisos, ao persoal que realice estas tarefas de colaboración, sen que o Concello teña ningunha obriga ao respecto, nin de aboar cantidade algunha para cubrir calquera risco.

SÉTIMA.- FINANCIAMENTO E XUSTIFICACIÓN DO GASTO.

Serán financiáveis os gastos nos que incorra a entidade entre o 1 de xaneiro de 2026 e o 30 de setembro de 2026.

Para a realización das actuacións sinaladas na cláusula anterior o Concello de Lalín aportará no ano 2026 a cantidade de **CINCO MIL EUROS (5.000 €)** do orzamento municipal.

A cantidade a financiar polo Concello de Lalín á que se refire a cláusula anterior

librarase logo de que ASPADEZA achegue a seguinte documentación:

1. Memoria das actividades desenvolvidas no marco deste convenio.
2. Orzamento detallado de ingresos e gastos da actividade con expresión do seu financiamento.
3. Declaración responsable asinada polo/a Presidente/a da asociación, na cal se determinará que se cumpren todos os requisitos determinados no artigo 13 da Lei 38/2003 e no artigo 10 da Lei 9/2007 para obter a condición de beneficiario/a e que dita Asociación non incorre en ningún suposto de incompatibilidade ou prohibición para a percepción de axudas públicas.
4. Certificado expedido polo/a Presidente/a relativo ao desenvolvemento das actividades polo que se acredite que a subvención foi destinada á finalidade para a que foi concedida, así como da obtención doutras subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados.
5. Xustificación do gasto realizado.-
Toda factura conterá os requisitos esixidos no artigo 6 do Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación:
 - Número e, no seu caso, serie.
 - A súa data de expedición.
 - Nome e apelidos, razón ou denominación social completa, tanto do obrigado a expedir factura como do destinatario das operacións.
 - Número de identificación fiscal atribuído pola Administración tributaria española ou, no seu caso, pola de outro Estado membro da Unión Europea, co que realizou a operación o/a obrigado/a a expedir factura.
 - Domicilio tanto do/a obrigado/a a expedir factura como do/a destinatario/a das operacións.
 - Descrición das operacións, consignándose todos os datos necesarios para a determinación da base impositiva do imposto, o seu importe, incluíndo o prezo unitario sen imposto de ditas operacións, así como calquera desconto ou rebaixa que non estea incluído en dito prezo unitario.
 - Tipo/s impositivo/s, no seu caso, aplicado/s ás operacións.
 - A cota tributaria que, no seu caso, se repercute, deberá consignarse por separado.
 - Data na que se efectuaron as operacións que se documentan ou na que, no seu caso, se recibise o pagamento anticipado, sempre que se trate de data distinta á da expedición da factura.
 - No suposto de que a operación que se documenta na factura estea exenta do imposto, unha referencia ás disposicións correspondentes.

Así mesmo con respecto ás facturas:

✓ Deberán ser orixinais, expedidas pola empresa subministradora dos bens ou servizos. Admitiranse copias compulsadas polo propio Concello. Non obstante antes de realizar as fotocopias e compulsas das mesmas estamparase nos xustificantes orixinais un selo coa seguinte lenda: “documentación presentada neste organismo a efectos de subvención”. Asumirase compromiso de aportar os orixinais no momento que lle sexan requiridos. A factura deberá vir especificada en moeda local.

✓ Deberá constar unha explicación do gasto. Se o xustificante non é o suficientemente claro neste aspecto, deberá ir acompañado de nota explicativa da que se deduxa unha clara relación do gasto coa actividade subvencionada.

✓ So se admitirán como xustificantes os pagos realizados mediante transferencia bancaria, polo que as facturas deberán acompañarse do correspondente xustificante de dita transferencia.

Para a xustificación de gastos salariais, deben presentarse os seguintes documentos:

- Nóminas de persoal.
- Recibo de liquidación de cotizacións e relación nominal de traballadores/as correspondentes aos seguros sociais dos meses imputados á subvención.
- Modelo 111 relativo ás retencións de IRPF realizadas.

Para probar o pagamento efectivo das nóminas imputadas, a entidade deberá aportar:

- Se o pago se efectúa mediante transferencia bancaria: requírese o xustificante bancario da mesma, na que deberá de identificarse o destinatario, importe e data da mesma, ou ben un certificado bancario no que se detallen os aspectos anteriores, asinado e selado pola entidade bancaria.

No caso de remesas, nas que nos xustificantes de pagamento figuren o total de traballadores/as deberá de presentarse desagregado por cada traballador/a.

En ningún caso é suficiente a achega da orde de pago da transferencia, xa que debe acreditarse o pago efectivo da mesma.

- Se o pago se realiza mediante cheque nominativo a entidade deberá achegar copia do talón nominativo e copia do extracto bancario que acredite o pagamento.

Para probar o pagamento efectivo dos gastos de Seguridade Social, a entidade deberá aportar:

- Recibo de liquidación de cotizacións selado ou mecanizado polo banco ou recibo bancario que acredite o pago á seguridade social por cada un dos meses imputados.

Para probar o pago efectivo dos gastos de IRPF a entidade deberá aportar:

• Modelo 111 de retencións e ingresos a conta IRPF do período de execución do proxecto, debendo figurar todos os trimestres que engloben gastos imputados ao proxecto. A achega de estes documentos debe permitir verificar que a entidade realizou pagos do IRPF en todos os trimestres presentados, podendo acreditarlo por algún dos seguintes medios: modelo/s 111 mecanizado/s ou selado/s polo banco ou recibo/s bancario/s que acredite/n o pago do IRPF.

NON se admiten pagos dos gastos realizados en efectivo.

O gasto xustificado documentalmente deberá acadar, como mínimo, o importe de **5.000€**. De non xustificarse o total do orzamento de execución do Convenio por causa imputable á Asociación de Pais de Diminuídos Psíquicos de Deza (ASPADEZA) o Concello de Lalín minorará a súa achega proporcionalmente.

6. Declaración do conxunto das axudas solicitadas, tanto das aprobadas como pendentes de resolución, para a actividade obxecto deste Convenio.

7. Certificación de que a entidade beneficiaria se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.

A presentación da documentación farase, en todo caso, **antes do 1 de outubro de 2026**.

OITAVA.- MODIFICACIÓN DO CONVENIO.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administración ou entes públicos ou privados, nacionais, internacionais, poderá dar lugar á modificación da contía da axuda contemplada no presente Convenio.

NOVENA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO.

As partes poderán acordar a creación dunha comisión mixta de seguimento e control da execución do presente convenio, formada por dous representantes de cada unha das entidades asinantes.

Dita comisión terá competencia, no seu caso, aos efectos de interpretación e control de execución do mesmo.

DÉCIMA.- ENTRADA EN VIGOR E PRAZO DE VIXENCIA.

Este convenio estará vixente dende a data da súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2026.

UNDÉCIMA.- RESOLUCIÓN.

Son causas de resolución do presente convenio:

- Transcurso do prazo de vixencia do convenio sen que se acorde a prórroga do mesmo.
- O acordo unánime das partes asinantes.
- Incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte de

- algún/algunha das asinantes.
- A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
 - A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas.
 - Por decisión xudicial declaratoria de nulidade do convenio.
 - Por calquera outra causa distinta establecida na normativa en vigor.

DUODÉCIMA.- RESPONSABILIDADES E CAUSAS DE REINTEGRO.

Son causas de reintegro da subvención, xunto cos xuros de demora correspondentes dende o momento do seu pago, as establecidas no Título II da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. ASPADEZA quedará sometida ás responsabilidades e réxime sancionador establecidos na Lei xeral de subvencións e na Lei xeral orzamentaria.

DÉCIMO TERCEIRA.- RÉXIME XURÍDICO.

O presente convenio ten carácter administrativo e as lagoas ou diverxencias que puideran apreciarse na aplicación do presente convenio interpretaranse e resolveranse motivadamente polo Concello de Lalín, previo ditame non vinculante da comisión á que fai referencia a cláusula novena. Contra estas resolución e polo carácter administrativo deste convenio, poderanse interpor os oportunos recursos contencioso – administrativos.

As cuestión litixiosas xurdidas da aplicación do presente convenio, non resoltas en vía administrativa, serán resoltas pola xurisdición contencioso- administrativa.

DÉCIMO CUARTA.- PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS.

ASPADEZA comprométese a cumprir o Regulamento U.E. 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

E, en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes comparecentes asinan e rubrican por triplicado exemplar, no lugar e data indicados no encabezamento.

CONCELLO DE LALÍN

ASPADEZA

O Sr. Alcalde
José Crespo Iglesias

A Sra. Presidenta
María Taboada García